

Escrito por

Luns, 15 Decembro 2014 21:07



O vindeiro venres 19 de decembro ás 20:30 horas contaremos coa presenza dos investigadores Antón Costa Rico e Xosé Manuel Malheiro na presentación do último número da **Revista Murguía**. A historia da educación no noso país centra este monográfico da Revista Galega de Historia que con este número cumpre o seu X aniversario.

"A historia da educación na Galiza é un ámbito de estudo relativamente recente ao que non se ten prestado atención de xeito sistemático até o derradeiro terzo do pasado século XX", salienta o editorial deste traballo. Os diversos artigos e pescudas que acolle este novo volume da revista achéganos un panorama global do estado no que se atopa a investigación neste eido na actualidade.

Como é habitual o acto terá lugar na Aula de Cultura Ponte de Rosas, na Avenida da Feira Nº10 baixo, Gondomar.